

NOVELA Javier Puebla: "Somos americanos das colonias: as eleccións en EEUU sempre son máis importantes que as españolas ou galegas"

Xamón sen touciño

O escritor madrileño publica 'Tigre Manjatan', un thriller urbano inspirado nos baixos fondos de Madrid

V. Oliveira - Santiago

Chapeu, chaqueta de pana, bufanda colgante. Javier Puebla (Madrid, 1958) é todo un personaxe. Saca dun peto interior os seus pequenos cadernos e mostra a súa letra escrita con tinta vermella. "Son consciente de que non vou publicar nada disto porque sería horrible! Debe haber miles de páxinas. Un día púxenme a lelo e sentínme patético", asegura. O seu trazo máis identificable, a vontade de estilo que plasma nas máis de trinta obras que ten publicadas. O mesmo ritmo que consegue na novela imprimello el á entrevista: case sempre responde antes de rematar a pregunta. A estas alturas, este escritor -ex diplomático, guionista ou director de cine- pode permitirse o luxo de elixir a editorial coa que publicar *Tigre Manjatan* (Algaída), un thriller urbano pensado como triloxía e protagonizado polo xornalista Arturo Briz, que garda en carpetas os hipotéticos títulos dun libro que nunca escribirá.


'Tigre Manjatan', o estrambótico xornalista protagonista da novela que escribe sucesos nun xornal, naceu hai 16 anos, ¿por que decide publicalo agora?

Pois decido que saia agora porque é cando encontro o editor que quero e a editorial que quero. Eu cando quedei finalista do Nadal, que para min era como aprobar unha oposición, deime conta de que *Sonríe Delgado* non sae na edición de peto, que Planeta é un grupo moi grande e funciona como funciona, con vantaxes e inconvenientes. Entón busco un editor no que confío, que é a de Miguel Ángel Matellanes de Algaída, do grupo Anaya, que distribúen ben, son serios non son pretenciosos. Entón, até que non atopei o lugar onde quería publicalo non o publiqué.

Na novela, o protagonista di que se chama Tigre Manjatan por "manter unha postura política", a de que "todos somos americanos das colonias".

Sí, en cada novela dá unha explicación diferente. Aínda que non sabemos cando di a verdade. Di que pode ser verdade, que nós somos americanos das colonias. As eleccións americanas son moito máis importantes que as españolas ou galegas. Vestímonos como vemos no cine americano e temos actitudes de cine.

É unha reflexión máis extensa sobre como estamos influenciados pola sociedade norteamericana?



Javier Puebla na presentación da súa novela en Compostela

EN DETALLE

"Hai que ter sentido do humor porque é clave para sobrevivir"

No libro hai moita ironía. Precisamente un capítulo, titulado 'Sangue nos teus rolifios de primavera', é unha crítica sobre o xornalismo de sucesos.

Pero como todo o xornalismo que se fai en xeral, que sempre é unha cousa rápida e en moitos medios búscase o sensacionalismo directamente. "Fai un día horrible, ¿que fixo vostede señora ministra de Medio Ambiente?" Que terá que ver a pobre ministra con que faga un día horrible... O libro ten sentido do humor e hai que telo todo o tempo porque é clave para sobrevivir, é necesario nunha grande cidade como Madrid e máis de noite.

Ten rematada unha novela inédita, 'El Año del Cazador', concibida como un relato ao día durante un ano.

É un libro que son 365 contos, un conto ao día durante un ano, escritos por un autor interposto. Pero non hai por que lelos todos, é un libro complicado.

Por que decidiu que permanecese inédita?

Eu non publico con calquera. Teño unha editorial propia que se chama Haz Milagros e fago unhas tiras dixitais pequenas. Para non publicar a gusto prefiro non publicar. Traballei como diplomáti-

co, deixei de gañar moita pasta e entón ou o fago á miña maneira ou non o fago. En setembro vai saír *La inutilidad de un beso*, é a segunda entrega de *Tigre Manjatan*, pero non ten nada que ver con isto. É a historia dunha casca que cun bico de amor se converte en muller pero nunca deixa de ser cascada de todo.

Tamén é profesor de escritura creativa e tira do prelo a colección 'Los libros del capitán' coa súa propia editorial.

Odio ser editor porque me parece a cousa máis espantosa do mundo. A min gústame moito publicar os libros eu, teño moitos libros inéditos, poderíame publicar a min mesmo pero sería como se che gustan moito as mulleres, consegue ligar unha e dislle a un tío, mira. O editor non convén que sexa moi autor. O ano pasado editei trece libros de alumnos e acabei esgotado, e tiven que coller tres meses de vacacións.

Di que Galicia é un lugar inspirador porque é o único no que se cre na maxia. ¿Escribiu algunha novela aquí?

Sí, traballei moito en Ares na terceira novela do Tigre que se chamará *Leo para no tener miedo*. E tamén teño algún conto ambientado en Santiago.

Absolutamente. É o imperio. Somos occidentais. Somos parte privilexiada do imperio.

A novela, malia estar ambientada na zona máis escura de Madrid, é moi americana.

Sí, en realidade, é moi urbana. As urbes son o que máis se parecen. Nova York é como a capital de Europa situada en América. O que importa é a noite, a xente, os bares... Cinematograficamente, lembra os baixos fondos de 'Taxi driver', por exemplo.

Precisamente por iso digo que somos americanos das colonias porque temos ese tipo de referencias culturais, que eu utilizo. Cando dis *Taxi Driver*, sabes do que estamos falando. Se dis *La familia de Pascual Duarte* aínda que sexa Cela e esteamos en Galicia, a xente non o recorda con tanta claridade. A novela parece moi cinematográfica pero non é tan fácil de levar ao cine. Crea un ritmo cinematográfico, pero é un ritmo lido.

O ritmo é quizais un dos logros máis conseguidos da novela.

Sí, para min o ritmo é unha cousa clave. Eu manexei máis ou menos ben con frases curtas, non lle sobra nada, non fai falta verbo. Se non facía falta poñer unha parte da acción, non a poñemos. É todo ritmo porque é todo xamón sen touciño. Vamos comendo e non sobra nada.

E o uso da segunda persoa?

Foi un desafío. Levábo buscando dende os vinte anos, cando inventei un xénero que lle chamaba o sopapo, de xeito que lle escribía ao lector dicíndolle cousas directamente. Entón empecei a probar no diario durante dous anos. Hai xente que non se dá conta da segunda persoa. De maneira que resulta moi natural.

Na novela fai referencia a 'As flores do mal' de Baudelaire, que relaciona co personaxe de Emilia Gómez, a rapaza que chega a Madrid e acaba exercendo a prostitución co nome de Natalia, sobre a que investiga Tigre Manjatan. Dalgún xeito ambos elixen o camiño do Mal, que non é outro que outro camiño do Ben.

Sí, así é como se refire Baudelaire no seu libro. De feito, o primeiro título da novela era *La flor del mal*: a idea orixinal era facer unha novela que apoiase unha obra da literatura, consistía en facer unha cada seis meses porque eu quería vivir dos dereitos de autor no meu optimismo absoluto e na miña ignorancia total. Catorce anos despois de darlle voltas e máis voltas, escribí *Tigre Manjatan* e entón quedaron anacos daquela primeira novela. Hai referencias literarias porque son iconos utilizables, que serve de recordo de *As Flores do mal*. Cando eu mandei á editorial o libro titulado *La flor del mal*, saíron dúas películas tituladas igual. O título de *Tigre Manjatan* é só meu. ●